

ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente

Tipo	Lexislación	Documentación	Duración	Observacións
Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave hospitalización ou intervención cirúrxica dun/dunha familiar	Orde 29/1/2016 Artigo 3	Anexo V Documentación a determinar pola dirección	1º Grao: 3 ou 5 días hábiles. 2º Grao: 2 ou 4 días hábiles. Se é na mesma localidade ou non. Para os efectos deste artigo non se consideran hábiles os sábados, domingos e festivos	Retribuído. As enfermidades graves son as enunciadas no RD 1148/2011. No caso de falecemento, os días deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores. Nos demais casos poden collerse de forma descontinua. Computarase o día do feito causante cando a persoa non preste servizos e lle correspondese prestalos. Considérase hospitalización cando a estadía no hospital inclúa como mínimo unha noite e unha comida principal. A localidade de referencia é a de residencia comunicada ao centro. No caso de intervención que requira repouso domiciliario a localidade será aquela na que se produza. Se sobrevén falecemento iníciase o cómputo dun novo permiso.
Permiso por traslado de domicilio	Orde 29/1/2016 Artigo 4	Anexo V Documentación a determinar pola dirección.	1 día (2 en familias de 2 ou máis persoas). Se é a outra localidade: 2 ou 4 días respectivamente.	Retribuído. Os cambios de destino non dan dereito a este permiso.
Permiso para exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público	Orde 29/1/2016 Artigo 6	Anexo V Documento acreditativo de asistencia.	Durante os días de celebración das probas	Retribuído. Inclúense probas de ingreso na función pública e exames parciais que liberen parte do programa . Teñen que estar convocados por centros oficiais. Inclúese tamén o tempo mínimo para a viaxe de ida e volta
Permisos para o cumprimento de deberes inescusábeis de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas	Orde 29/1/2016 Artigo 14	Anexo V Documento acreditativo de asistencia.	Polo tempo indispensábel	Retribuído. Engádense os deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas propias, para acompañar á parella, aos fillos ou fillas, así como a persoas maiores a cargo do/a solicitante . Se van ser revisións cunha certa periodicidade presentárase unha única solicitude. Pode implicar o nomeamento de persoal substituto. Inclúense as enfermidades leves non superiores a 3 días cando se aporte xustificación documental .
Permiso para asuntos persoais	Orde 29/1/2016 Artigo 15	Anexo V Sen xustificación.	Até 4 días (dous lectivos e dous non lectivos)	Retribuído. Dous días poderán ser en días lectivos. A conceder en función das necesidades do servizo
Permiso para asistencia a actividades de formación	Orde 29/1/2016 Artigo 22	Anexo I, II, III.	Polo tempo necesario e até un máximo de catro días lectivos catro días lectivos	Cursos organizados polos servizos centrais: a admisión xa implica o permiso (previa notificación da Inspección). Cursos dos CFR: só fóra do horario lectivo. Outros (universidades, sindicatos, asociacións profesionais ou similares): solicitude con informe da dirección cun mínimo de 10 días de antelación.
Imprevistos	Orde 29/1/2016. Artigo 33	Anexo V	24 períodos lectivos	Imprevistos ou enfermidades leves inferiores a 3 días con xustificación NON documental .

Graos de parentesco:

1º grao: cónxuxe, pai, nai, sogro/a, fillos/as.

2º grao: irmáns, irmás, cuñados/as, avós, avoas, netos/as